



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

Contrato : Subministración de materiais para levar a cabo o proxecto de abastecemento en Trasariz e Viño grande Expediente núm. 2024/C005/000003

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 28.1 e 116. 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP 2017) , pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), redáctase a presente memoria.

1.-Obxecto do contrato e necesidades administrativas a satisfacer

1.1.- Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do contrato a subministración dos materiais necesarios para levar a cabo a obra de Ampliación da rede de abastecemento en Viño grande e Trasariz, incluídos no proxecto redactado pola arquitecta técnica municipal dona Clara Lema Rodríguez de data febreiro de 2024, cuxo orzamento total ascende á cantidade de 39.996,98 euros

Vocabulario común de contratos (CPV): 44163000-0 (Tuberías e accesorios)

1.2.- Necesidades a satisfacer

De conformidade co disposto no artigo 28.1 da LCSP , as entidades do sector público non poden celebrar outros contratos que os que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, polo que deberá xustificarse no expediente de contratación a necesidade e idoneidade do contrato

De acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases o réxime local (LBRL), os concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan á satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños. No seu artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 81.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece como competencias propias, entre outras, o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais

2.- Xustificación do procedemento. Criterios de valoración:

A adxudicación do presente contrato realizarase utilizando o procedemento aberto simplificado abreviado ao atoparse o contrato dentro dos límites do artigo 159.6 da LCSP e considerarase o máis axeitado para o contrato a realizar xa que garante a transparencia e axilidade da licitación.

De conformidade co disposto no artigo 159.4 da LCSP todos os licitadores que se presenten á licitacións realizadas a través do procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Oficial de Licitadores ou Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia. A estes efectos tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite a solicitud de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, sempre que a solicitud sexa con data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia farase mediante a achega do acuse de recibo da solicitud emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de achegar a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de emenda

3.- División en lotes

En base ao disposto no artigo 99.3 da LCSP a presente licitación non se divide en lotes porque os materiais a subministrar son homoxéneos pola súa natureza e tipificación e a súa división dificultaría a correcta coordinación das actividades necesarias para a súa distribución e incidencias en soporte

4º.- Valor estimado, orzamento base de licitación

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 17.177,39 euros

IVE: 3.607,25 euros

Orzamento base de licitación: 20.784,64 euros

4º.- Prazo e lugar de entrega

O adxudicatario deberá entregar os materiais en horario de mañá no lugar da obra ou na nave do concello, no prazo ofertado.

5º.- Financiamento e consignación orzamentaria

O importe do contrato financiarase do seguinte xeito:

Dirección Xeral de Administración Local ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19/24, do 27 de xaneiro): 75%

Recursos propios: 25%

As obrigas económicas do contrato aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 161.60902 do vixente orzamento municipal

6º.- Aptitude para contratar e criterios de solvencia

De conformidade co disposto no artigo 159.4 a) da LCSP todos os licitadores que se presenten á licitacións realizadas a través do procedemento simplificado deberán estar rexistrados no



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas que non se vexa limitada á concorrencia

A estes efectos tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, sempre que a solicitude sexa con data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia farase mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de achegar a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de emenda

En función do disposto no artigo 159.6 da LCSP exímese aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional.

7º.- Criterios de adxudicación

De acordo co disposto no artigo 159.6.c. a valoración das ofertas realizarase mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas no pregos, utilizando para este contrato como criterios

Prezo (Máximo 8,00 puntos)

Ubicación do almacén e prazo de entrega: (Máximo 2,00 puntos)

8º.- Órgano de contratación: A Alcaldía en función do disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP

(Documento asinado dixitalmente)